



■ OBXECTO DO CONCURSO E ÓRGANO CONVOCANTE

O presente prego de Cláusulas Administrativas ten por obxecto establecer as condicións xurídicas que rexerán no concurso público de proxectos co fin de seleccionar a mellor proposta que sirva de base ao correspondente Proxecto Técnico -Básico e de Execución- e a Dirección de obra para a construción dun edificio e anexos destinado á nova sede do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), na parcela I4A02 do Parque Empresarial "A Sionlla", no concello de Santiago de Compostela.

Convoca o presente concurso a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA).

■ TIPO DE CONCURSO

É un concurso aberto, anónimo e suxeito a regulación armonizada, segundo o disposto no artigo 16 da Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (LCSP), que se encadra como de proxectos con intervención de xurado, de acordo co artigo 168 e ss. Da citada lei.

■ DESTINATARIOS DO CONCURSO

De acordo co establecido nos artigos 170 e 172.2 da LCSP, poderán participar no concurso os Arquitectos, españois ou non que se atopen facultados legalmente para exercer a profesión no territorio español, e que non se atopen incursos en ningunha causa de incompatibilidade para a redacción deste Proxecto nin para contratar coas Administracións Públicas.

Poderán participar individualmente, ou asociados en UTE, formando equipos multidisciplinares, baixo calquera forma societaria de carácter civil ou mercantil, debendo ser o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos un Arquitecto, deberá contarse obrigatoriamente cun técnico especializado para servizos de enxeñería correspondentes ás infraestruturas tecnolóxicas requiridas neste tipo de centros (climatización, alimentación eléctrica, extinción de incendios, falso chan, canalizacións, illamento acústico, xestión edificio, etc.).

Igualmente poderán participar persoas xurídicas cuxos fins sociais correspondan co obxecto do concurso, sempre e cando o director de equipo ou o encargado de dirixir os traballos sexa un Arquitecto.

En calquera caso, será preciso ter plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato (artigo 46 da LCSP), acreditar debidamente a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios de xustificación recollidos nos artigos 63, 64, 65 LCSP, e que non se encontra comprendida en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 49 da LCSP.

Reputarase solvente o licitador que acredite, mediante a suma de servizos realizados nos cinco últimos anos, experiencia en obra executada de presuposto igual ou superior ao do presente concurso.

Só se poderá presentar unha proposta por persoa, non admitindo que unha mesma persoa participe en varios equipos, individualmente ou mediante unha empresa, segundo o establecido no artigo 129.3 da LCSP.

No poderán participar neste concurso os membros do xurado, os seus asociados, os seus familiares con parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao, nin o persoal ao servizo da Fundación CESGA. Tampouco poderán participar quen estea incursos nalgún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, sobre incompatibilidades de Altos Cargos, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre as incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou do artigo 49 da LCSP.

Esta circunstancia deberá acreditarse, mediante declaración responsable, como paso previo á percepción do premio.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

■ O XURADO

O xurado estará formado por:

Presidente:

- O Presidente da Fundación CESGA ou persoa en quen delegue

Vocais:

- O Director-Xerente da Fundación CESGA ou persoa en quen delegue.
- O Subdirector Técnico da Fundación CESGA.
- Un Enxeñeiro a proposta da Fundación CESGA.
- Un Arquitecto a proposta da Fundación CESGA.
- Un Arquitecto a proposta da Dirección Xeral de Patrimonio.
- Un Arquitecto a proposta da Consellería de Vivenda e Solo.
- Un Arquitecto en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Un Arquitecto residente en Galicia elixido a proposta dos concursantes.

Actuará como Secretario, con voz e sen voto, un membro da Secretaría de Concursos do COAG ou persoa designada polo COAG.

■ PREMIOS

Establécense os seguintes premios co IVE engadido:

- Un primeiro premio de trinta mil euros (30.000 €).
- Un segundo premio de doce mil euros (12.000 €)
- Tres Accésits de tres mil euros (3.000 €)

A obtención do primeiro premio outorgará ao gañador o dereito a optar á adjudicación, polo procedemento previsto no artigo 160 e ss da Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (LCSP) –de acordo co establecido no artigo 158.d do mesmo corpo legal, do contrato de Asistencia Técnica consistente na redacción do proxecto básico e de execución en misión completa, así como a dirección de obra, por un importe máximo 763.339€, IVE engadido, nun prazo de execución de dous anos.

A adjudicación dos respectivos contratos polo indicado procedemento subordínase, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria adecuada para o efecto, así como á acreditación, no sinalado momento, dos requisitos para contratar coa Administración aos que se refire o artigo 49 da LCSP.

■ LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación dos tres sobres, **rematará ás 14:00 horas do 26 de setembro de 2008**. As solicitudes que non figuren no poder do Rexistro transcorrido dito prazo, serán excluídas do Concurso.

Si as propostas son remitidas vía correo, o concursante **deberá enviar por fax o ANEXO V**.- “Fax de anuncio de presentación das propostas por correo”, ao número **981561658, antes das 14:00 horas do 26 de setembro**, anunciando ao órgano de contratación a remisión da oferta (mediante a identificación co texto "CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA SELECCIONAR A MELLOR PROPOSTA QUE SIRVA DE BASE AO CORRESPONDENTE PROXECTO TÉCNICO -BÁSICO E DE EXECUCIÓN- E Á DIRECCIÓN DE OBRA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO E ANEXOS DESTINADO A NOVA SEDE DO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)" e a indicación do lema, en dito fax non debe aparecer ningún elemento que identifique os concursantes. En todo caso, non será admitida a proposta que sexa recibida despois do 3 de outubro de 2008.

■ FALLO DO CONCURSO

O Xurado, logo da análise, avaliación e puntuación dos proxectos, emitirá informe co seu fallo, con carácter de resolución. O fallo será razoado e propondrá, como gañador, ao equipo redactor do proxecto que proporcione a resposta máis axeitada á finalidade do concurso conforme cos criterios expostos. Así mesmo, fará a correspondente proposta de asignación dos restantes premios, ata o máximo establecido no apartado 5 destas bases.

Máis información en <http://www.coag.es> ■ E-mail: concursos@coag.es